

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE MONITOR DEPORTIVO-ADESTRADOR A XORNADA PARCIAL ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE DEPORTES E CULTURA, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL CUALIFICADOR, LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/000568

**Exp. Persoal:** 2021/E001/000008

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

Mediante resolución da alcaldía núm. 708/2020 do 18/12/2020 apróbase a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal para o ano 2020 do Concello de Curtis (BOP nº 220 do 23/12/2020 e DOG nº 258 do 24/12/2020), na cal está incluída unha praza monitor deportivo-adestrador a xornada parcial adscrita ao departamento de deportes e cultura.

Mediante resolución da alcaldía nº 166/2021 do 17/03/2021 (BOP nº 55 do 24/03/2021) apróbanse as bases xerais que regularán as convocatorias dos diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Curtis incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2020.

Mediante resolución da alcaldía núm. 217/2021 do 08/04/21 (BOP nº 72 do 20/04/2021; DOG nº 89 do 12/05/2021 e BOE nº 117 do 17/5/2021) apróbanse as bases específicas dos procesos selectivos incluídas na oferta de emprego de estabilización, concedendo un prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co previsto na Base 5ª.6 das Bases Xerais.

Mediante resolución da alcaldía núm. 393/2021 con data 25/06/21 aprobouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Unha vez rematado o prazo de subsanación, e segundo o establecido na Base Sétima das Bases Xerais, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha vacante de monitor deportivo-adestrador a xornada parcial adscrito á unidade de deportes e cultura, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización do emprego temporal do ano 2020.

**SEGUNDO.-** Nomear aos seguintes membros do Tribunal Cualificador:

- Presidenta: Luis Eugenio Mato Braña, monitor deportivo, persoal laboral fixo da administración local.
- Suplente: Rosa María Buján Ordóñez, funcionaria de carreira con habilitación nacional da

administración local.

- Vogal: Mónica Gesto Nieto, administrativa funcionario de carreira da administración local.
- Suplente: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, técnica funcionaria de carreira da administración local.
- Vogal: Ricardo Romero Pérez, técnico deportivo, persoal laboral fixo da administración local.
- Suplente: José Vázquez Santé, administrativo, funcionario de carreira da administración local.
- Vogal: Celsa M<sup>a</sup> Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.
- Suplente: José Antonio Varela Doval, administrativo, funcionario de carreira da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.
- Suplente: Roberto Corral Mouzo, administrativo funcionario de carreira da administración local.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador para a valoración da fase de concurso o vindeiro Luns 21/09/21 ás 13:00 horas nas oficinas municipais sitas en Curtis.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador e aos aspirantes para a celebración da fase de oposición, nas oficinas municipais sitas en Curtis (Praza Emilia Pardo Bazán s/n), nas seguintes datas:

1º exercicio: 21/09/21 ás 13:30 horas

2º exercicio: 23/09/21 ás 13:30 horas

QUINTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica do Concello de Curtis

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez

## ANEXO

### Listaxe definitiva de admitidos

<b>DNI</b>	<b>Apelidos e Nome</b>	<b>CELGA</b>
*613B	Fernández Linares, Santiago	SI
*855F	Lorenzo Solla, Amando	SI
*742S	Peral López, Daniel	SI